**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE**
**DÍA 01/04/2019**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes
JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
ARGIMIRO SERÉN MERA
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**SECRETARIO/A**
MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 01/04/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 25 de marzo de 2019, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2019/0860**
En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:
1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 1 de abril de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.
2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 1 de abril de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:
**a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

| PROVEDOR | CIF | PROPOSTA A APROBAR | DATA XGL | CUMPRE LIMITES |
|---|---|---|---|---|
| ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER | G94135449 | 225,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| CALVO CASANOVA, MARIA | 47350728F | 1.870,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| CAYETANO LLEDÓ | 36118318S | 2.900,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| COMENDADOR LEIROS, CARLOS | 35455090s | 1.320,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| COORDINADORA SISTEMAS, S.L. | B36763936 | 1.161,60 € | 01/04/2019 | SÍ |
| DENA DEBS, S.L.U. | B76218478 | 7.865,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| FERNANDEZ PUENTES, IAGO | 46903614J | 15.246,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| IRAQUERE, S.L. | B94058435 | 3.630,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| LOGEVENT, S.L. | B94152444 | 3.025,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| MADERAS, METALES Y RITMO, S.L.U. | B70521463 | 3.630,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| OPCON INFORMÁTICA, S.L. | B36858512 | 564,74 € | 01/04/2019 | SÍ |
| PROMOCIONES MUSICALES GET IN, S.L. | B20981593 | 1.210,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| RODRIGUEZ CERDAN, DAVID | 07252180G | 121,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| SANTOS BOVEDA, Mª DOLORES | 35458727H | 1.980,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| SEPY MEDICAL, S.L.U. | B36484822 | 2.800,73 € | 01/04/2019 | SÍ |
| TANGRAM, S.L. | B36864510 | 392,65 € | 01/04/2019 | SÍ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TROQUIÑA, S.L. | B36268217 | 1.009,69 € | 01/04/2019 | SÍ |
| ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER | G94135449 | 225,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| CALVO CASANOVA, MARIA | 47350728F | 1.870,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| CAYETANO LLEDÓ | 36118318S | 2.900,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| COMENDADOR LEIROS, CARLOS | 35455090s | 1.320,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| COORDINADORA SISTEMAS, S.L. | B36763936 | 1.161,60 € | 01/04/2019 | SÍ |
| DENA DEBS, S.L.U. | B76218478 | 7.865,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| FERNANDEZ PUENTES, IAGO | 46903614J | 15.246,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| IRAQUERE, S.L. | B94058435 | 3.630,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| LOGEVENT, S.L. | B94152444 | 3.025,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| MADERAS, METALES Y RITMO, S.L.U. | B70521463 | 3.630,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| OPCON INFORMÁTICA, S.L. | B36858512 | 564,74 € | 01/04/2019 | SÍ |
| PROMOCIONES MUSICALES GET IN, SL | B20981593 | 1.210,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| RODRIGUEZ CERDAN, DAVID | 07252180G | 121,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| SANTOS BOVEDA, Mª DOLORES | 35458727H | 1.980,00 € | 01/04/2019 | SÍ |
| SEPY MEDICAL, S.L.U. | B36484822 | 2.800,73 € | 01/04/2019 | SÍ |
| TANGRAM, S.L. | B36864510 | 392,65 € | 01/04/2019 | SÍ |
| TROQUIÑA, S.L. | B36268217 | 1.009,69 € | 01/04/2019 | SÍ |

**b)** Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/0798**

Dáse conta de escrito do **Instituto Nacional de Estadística** comunicando as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón Municipal referidas a 1 de xaneiro de 2019, de conformidade co procedemento establecido na Resolución de 20 de xullo de 2018, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a revisión anual do Padrón Municipal de Habitantes e sobre o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

Tendo en conta a información remitida, a proposta de cifra de poboación resultante é a seguinte: 37.456 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2019/0799**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **OPCON Informática SL** para o mantemento de catro licenzas de Veritas Bckup Exec (unha de backup exec server cod 13811-M3-23 e tres de backup exec Agent cod 13813-M3-23), para o período de abril de 2019 - abril de 2020, por un importe total de 564,74 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0800**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Coordinadora de Sistemas SL** para a renovación do soporte e mantemento de tres licenzas de AUTOCAD LT e o Servizo Autodesk suspcripción anual AUTOCAD LT para o ano 2019, por un importe total de 1.161,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.22706.

Lembrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0801**
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento prsentado por **Troquiña SL** para o subministro de 395 plantas de guineana de sol para o axardinamento da Rotonda do Obelisco, por un importe total de 1.009,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0802**
Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Comendador Leirós** para osubministro de 130 plantas de camelia en maceta para o Parque de Rubiáns, por un importe total de 1.320,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22109.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0804**
Dáse conta do escrito presentado por D. Cristobal Rivas Carregal, en representación de **Club AVA (Amigos de Vehículos Antigos de Pontevedra) ,** solicitando autorización para. realizar unha concentración de vehículos clásicos e antigos o día 11 de miao na Praza da II República, en horario de 15:30 a 20:00 horas, dentro da denominada XIV Ruta Turística A Lanzada 2019.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2019/0805**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL SL** para o subministro de material sanitario funxible consistente en 12 electrodos adulto/pediátrico para DESA IPAD CU SP1, 2 electrodos adulto para DESA IPAD NF 1200, 4 electrodos pediátricos para DESA IPA NF 1200 e unha batería para DESA IPAD NF 1200 para reposición por caducidade do existente, por un importe total de 1.781,79 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0806**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL SL** para o subministro de material auxiliar para equipación dos desfibriladores de propiedade municipal (bolsas de rescate equipadas con resucitador adulto/pediátrico completo, seroira corta roupa de emerxencias, rasuradoras, xogo de 7 cánulas de guedel de diferentes tamaños e gasas estériles), por un importe total de 1.084,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0807**
Dáse conta do escrito presentado por D. Eugenio Sanchez Lucas, en representación de **Asociación Alcer,** solicitando autorización para ocupación da vía pública coa instalación dunha mesa e unha carpa na Praza de Galicia o día 5 de xuño con motivo do día nacional de doantes de órganos..
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2019/0808**
Dáse conta de escrito remitido polo Servizo de Coordinación Industrial da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, achegando o edito polo que se convoca aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada LMTS, CT Cruceiro-Galáns, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día 9 de abril de 2019, ás 12 horas sobre o terreo, indicando que deberá concorrer o Alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do Concello que se dispoña.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e propón como lugar idóneo para a execución da instalación eléctrica citada, a ocupación dun terreo valdío e de uso público anexo ao que vai a ser obxecto de expropiación por parte da Consellería.
Así mesmo o Sr. Alcalde delega no Concelleiro D. Lino Mouriño Santiago para a súa asistencia ao acto de levantamento das actas previas á ocupación o día 9 de abril, e posterior sinatura da acta

definitiva no Concello.

**PRP2019/0815**
Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, en representación de **Asociación de Veciños Fonte da Coca,** no que expón numerosas deficiencias en Avda. As Carolinas, Avda. Rodrigo de Mendoza, Rúa Florida e Rúa Bubela.
Dáse conta do informe da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Rey que se procederá á mellora das deficiencias denunciadas.

**PRP2019/0816**
Dáse conta do escrito presentado por **D. José Luis Fernández Aceña,** solicitando que polo concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado na Rúa Pascual Veiga nº 18.
Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.
Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

**PRP2019/0818**
Dáse conta do escrito presentado por **Dona Celia González Garra González,** comunicando a finalización do contrato de aluguer da parcela situada na Rúa Alfredo Brañas o día 31 de marzo de 2019, e que ven sendo utilizada como aparcamento público, e solicitando a recuperación do uso exclusivo da parcla así como a adopción de medidas por parte do Concello para impedir o acceso de vehículos a partir da data citada.
A Xunta de Goberno Local agradece á Sra. González Garra González a cesión da parcela realizada no seu día dun modo temporal e ao mesmo tempo solicítalle un aprazamento no uso da parcela como aparcadoiro ata a posta en funcionamento do aparcadoiro na parcela onde se pretende no futuro construir o novo acuartelamento da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa, na Rúa Adolfo Pedrido Morla (Fontecarmoa).

**PRP2019/0821**
Dáse conta de escrito remitido pola **Dirección Xeral da Garda Civil (Comandancia de Pontevedra),** no que comunican a conformmidade coa cesión temporal ao Concello como aparcamento disuasorio da parcela onde se pretende construir no futuro un novo acuartelamento de Vilagarcía de Arousa, na Rúa Adolfo Pedrido Morla (Fontecarmoa), tal e como se solicitaba no escrito da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2019, asumindo o Concello as labores de acondicionamento precisas para o seu uso temporal.

**PRP2019/0823**
Dáse conta do escrito remitido pola **Dirección Xeral de Mobilidade,** da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación coa elaboración do Plan de Transporte Público de Galicia durante o ano 2019, no que trasladan que todas as iniciativas municipais que existen actualmente e están destinadas a reforzar a utilidade e o atractivo do transporte público para os

cidadáns, tales como os servizos de interese municipal ou os bonos dos activados polos Concellos para colectivos específicos de usuarios, terán perfecto encaixe no Plan de Transporte Público de Galicia e indicando que se pón  disposición do Concello para coordinar a continuidade das medidas municipais deste tipo, así como asesorar a aqueles que desexen explorar novas vías de colaboración, agora recollias nos pregos dos novos contratos.

A Xunta de Goberrno Local queda sabedora e acorda comunicar o gasto realizado por parte do Concello durante o ano 2018:

- Modalidade urbana Plan Axuda ao transporte (bonos): 61.072,43€ + (bono-bus maiores) 4.780,02 €.

- Mobilidade urbana (bvaike): 58.987,56 €

Polo exposto, solicita á Dirección Xeral que colabore co Concello, entre outras medidas, no financiamento total ou parcial do gasto realizado durante o ano 2018

## BENESTAR SOCIAL

### BENESTAR SOCIAL

**PRP2019/0854**
Vista a proposta do Servizo Municipal dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **TANGRAM Materiales y Juegos Didácticos**, para o subministro de material para a Escola Infantil A Galiña Azul (2 bases de cama apliables, 2 sets 4 rodas camas apilables e 7 cambiadores bebes FOAM 70x50x10 standard), para reposición do existente, por deterioro do mesmo, por un importe total de 392,65 €, con cargo á partida 323.215.
De conformidade co establecido no acordo asinado pola Consellería de Política Social e a FEGAMP, o gasto será financiado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, mediante a correspondente compensación das liquidacións do periodo no que se execute, descontando o importe da liquidación que emita o Consorcio para o cofinanciamento do Centro.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2019/0856**
Dáse conta do acordo de doazón entre D. Ramiro Carregal Rey e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que o Sr. Carregal Rey, doa a cantidade de 25.000 € (vinte e cinco mil) para o Conservatorio Profesional de Música, coa data de 20 de marzo de 2019.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a doazón realizada polo Sr. Carregal Rey e agradecerlle o apoio ao Conservatorio de Vilagarcía de Arousa.

**PRP2019/0858**
Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar

o orzamento para a realización da “Campaña de Fomento da Lectura “A HORA DO CONTO”, consistente nunha serie de sesións de “contacontos” e actividades relacionadas co conto (xogos, cancións, etc) entre os escolares do municipio, por un importe aproximado de 2.200,00 €, con cargo á partida 3321.22799.
Apróbase así mesmo o orzamento presentado por **Dona Mª Dolores Santos Bóveda,** cun prezo de 180 €/sesión e de 120 €/por segunda sesión, se houbera máis de unha por día, cun custe total aproximado de 1.980,00 €.
Así mesmo acórdase aprobar un gasto aproximado de 200,00 € en concepto de transporte, para posibles desprazamentos de alumnos de colexios que se atopan fóra do núcleo urbano.

Lembrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2019/0857**
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. David Rodríguez Cerdán,** polos servizos de coordinación e presentación en Madrid do II Festival Internacional de Música Clasclas no acto que terá lugar na sede de HINVES Pianos, por importe de 121,00 €, con cargo á partida 3261.22609.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

### MEDIO AMBIENTE

**PRP2019/0866**
Dáse conta de escrito remitido por **Augas de Galicia** comunicando o acordo de arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico no Parque da Coca (Clave DH.D36.64582), tendo en conta as manifestacións feitas polo Concello, coa data de 3 de xaneiro de 2019, de que o vertido estivo causado pola rotura dunha tubaxe que na actualidade está reparada, considerandose resolto o problema.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### TURISMO

**PRP2019/0864**
Dáse conta do escrito de D. Jacobo González Somoza, en representación de **Asociación para el desarrollo del caravaning de Galicia - ADECAG**. A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a utilización das instalacións de Fexdega para a realización da Feria Caravaning Galicia (V eidición) , do 4 ao 7 de abril de 2019, debendo axustarse ás seguintes condicións:
**Ata dez días despois da comunicación da concesión da solicitude**

- Ingreso de tres mil euros en concepto de aportación económica establecida para o desenvolvemento do evento na conta da Fundación Fexdega (IBAN ES95-2080-5067-1931-1003-3948).

**Antes do inicio da montaxe**

- Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva
- Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección.

- Deberá presentarse a documentación que acredite a contratación do persoal participante no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade, ó que se lle porá en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

- Presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil polos feitos que puideran acontecer nas instalacións durante a actividade coas seguintes características:
    - Garantía principal mínima de 600.000 € a disposición do evento.
    - Deberá cubrir a responsabilidade civil de explotación, locativa e de produto
    - As cláusulas de ámbito territorial e situacional, permitirán sinalar o recinto Fexdega como espazo onde se desenvolve a actividade.
- Certificación de continuar de alta no IAE e na Seguridade Social, e dicir, non ter causado baixa dende a data da certificación presentada no momento da solicitude do espazo.
- Certificación de seguir o corrente das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica, co Concello de Vilagarcía de Arousa e coa Seguridade Social.

**Antes da inauguración do evento**

- Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presencia de persoal de Fexdega.

  Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

- Presentación da certificación emitida por un técnico de seguridade alimentaria (ou por profesional con competencia na materia) que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese

obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude técnica das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

- Acreditación da cualificación pertinente das persoas que distribúan alimentos ou bebidas precintados en orixe. A devandita documentación ira acompañada dunha listaxe onde se mostre o nome e apelidos, o DNI e unha fotografía actual de cada un dos acreditados.

**Consideracións xerais**

- O promotor do evento responsabilizarase da limpeza do espazo que ocupe/use e, rematado o evento, deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo
- Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. Os eventos deportivos e os relacionados co público infantil teñen condicións especiais, tales coma a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc.
- Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.
- A publicidade do evento, ou calquera outra cartelería ou similar deberá instalarse nos lugares habilitados para a mesma, de xeito firme e seguro, mantendo un nivel estético axeitado. Antes da súa instalación deberá ser valorada polo persoal de servizo do recinto. Se fose necesario contar con autorización administrativa para a instalación da publicidade, a xestión da mesma correrá por conta do promotor.
- Se o evento non chegase a desenvolverse, por mor de situacións alleas a Fexdega, non procederá a devolución de cantidade algunha.

**PRP2019/0868**
Dáse conta de escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto Zona Aberta** solicitando a convocatoria da Mesa Local de Comercio.
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a convocatoria da Mesa Local de Comercio para o día5 de abril de 2019, ás 17:30 horas en primeira convocatoria e ás 18:00 horas en segunda.

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### CONSUMO

**PRP2019/0862**
Dáse conta da reclamación formulada por **D. Jorge Brea Santamaría** que solicita a reparación dos danos sufridos, cando segundo a súa manifestación, circulando co vehículo 6920DVD pola Rúa Lago de Rubiáns, acceso a Rúa do Ensino, sufriu danos no mesmo debido ás labores de desbroc que estaban a realizar operarios municipais.
A Xunta de Goberno Local visto o informe do Encargado do Servizo de Medio Ambiente acorda estimar a reclamación e o recoñecemento de obrigación a favor do Sr. Brea Santamaría, polo importe de 145,20 €, con cargo á partida 929.22699.

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2019/0861**

Vista a proposta da Area das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a organización dunha "Excursión a Oporto e arredores", do 10 ao 14 de maio (5 días/4 noites), así como o orzamento presentado por Dona María Calvo Casanova (Viaxes Carballo Galicia), como orgaizadora da mesma, cun prezo de 234 €/persoa en habitacón dobre (cun suplemento de 60 €/persoa se esta reservase habitación individual), e para unha previsión de 55 persoas.

Acórdase así mesmo que as persoas participantes aboen a cantidade de 200 €/persoa, subvencionando o Concello o importe restante de 34,00 €/persoa (subvención en especie), aprobando o gasto por un importe estimado para 55 prazas de 1.870,00 € /IVE incluído), con cargo á partida 2313.22634

O prazo de inscrición na Área de Persoas Maiores é do 2 de abril ao 8 de maio (ambos incluídos), ou ate completar as 55 prazas dispoñibles, asignandose por riguroso orde de inscrición.

